

BASES

PARTICIPANTES. Poden participar alumnos de Infantil, Primaria e ESO que cursen estudos en Galicia.

MODALIDADES. Os traballos deberán ser tarxetas de Nadal orixinais e inéditas en tamaño **DIN-A4** sen plegar. O soporte será cartolina ou cartón pluma. A técnica será libre.

PRESENTACIÓN. Na parte traseira da obra figurarán os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo, teléfono particular, curso e centro onde estuda) e —para acreditar a súa condición académica— virá selado polo centro. Os traballos enviaranse a: **PREMIOS VOZESNAVOZ.** La Voz de la Verdad. Rúa Bispo Aguirre, 17 - 27002 LUGO. Tamén se poden entregar persoalmente ou por medio do centro.

PRAZO. O prazo de presentación remata o 25 de decembro de 2021.

XURADO. Estará constituído por profesores das diferentes etapas académicas e de distintos centros de ensino e por profesionais do sector gráfico e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

PREMIOS. O xurado concederá os seguintes premios:

- *Educación Infantil.* Dous lotes de libros.
- *Educación Primaria.* Do primeiro ao terceiro curso, un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 70 € e outro de 50 €. Do cuarto ao sexto curso un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 80 € e outro de 60 €.
- *Educación Secundaria Obrigatoria.* Un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 90 € e outro de 70 €.
- *Premio especial.* Establécese tamén un premio á orixinalidade (incompatible cos premios anteriores) consistente nun cheque-agasallo de 90 € intercambiable por libros ou material escolar.

Os premios poderán ser declarados desertos.

FALLO. Farase público nos medios de comunicación e no establecemento e comunicaráse-lle aos colexios dos participantes. A entrega de premios terá lugar en La Voz de la Verdad na data que se lles comunicará aos gañadores. As obras presentadas quedarán en propiedade da entidade organizadora.